

**I. DISPOSICIÓNS XERAIS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, creou unha nova estrutura curricular e afectou, entre outros, varios aspectos da educación primaria como son os principios e os obxectivos, a organización e a avaliación.

O Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria, aprobou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para esta etapa educativa, determinando os aspectos básicos do currículo, establecendo os seus obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos, e encomendando ás administracións educativas establecer os currículos que serán de aplicación no seu ámbito de xestión.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, concretou as intencións do Sistema educativo galego para esta etapa, establecendo a súa organización, completando as ensinanzas mínimas e facultando a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas no relativo ao desenvolvemento do decreto.

No contexto deste novo marco normativo, esta orde desenvolve e concreta a regulación de aspectos referidos á organización desta etapa, ao desenvolvemento do currículo, á avaliación e á información e participación das nais, os pais e as persoas titoras legais, así como aos procedementos de revisión e reclamación e aos correspondentes modelos de actas, documentos e informes de avaliación.

A presente orde adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Respecto dos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha



norma necesaria para concretar o marco normativo autonómico establecido polo Decreto 155/2022, do 15 de setembro. Cumprindo co principio de proporcionalidade, contén a regulación imprescindible para acadar o seu obxecto, non existindo ningunha alternativa reguladora menos restritiva de dereitos. Conforme o principio de seguridade xurídica resulta coherente co ordenamento xurídico actual. Así mesmo, a orde respecta o principio de eficiencia ao permitir unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Cumpre tamén cos principios de transparencia e accesibilidade, que se garantiron a través da exposición do proxecto no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na mesa sectorial docente non universitaria.

En consecuencia, como conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, facendo uso das competencias que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia,

#### ACORDO:

#### CAPÍTULO I

#### **Disposicións xerais**

##### Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto desenvolver o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, regula a avaliación da etapa educativa da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Esta orde será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas de educación primaria.



**CAPÍTULO II**  
**Organización****Artigo 3. Organización xeral**

1. As áreas da educación primaria que se imparten en todos os cursos son as seguintes:

- a) Ciencias da Natureza.
- b) Ciencias Sociais.
- c) Educación Física.
- d) Educación Plástica e Visual.
- e) Lingua Castelá e Literatura.
- f) Lingua Estranxeira.
- g) Lingua Galega e Literatura.
- h) Matemáticas.
- i) Música e Danza.

2. Ás áreas incluídas no número anterior engadirase no sexto curso:

- Educación en Valores Cívicos e Éticos.

3. As actividades escolares na etapa de educación primaria desenvolveranse, cando menos, ao longo de vinte e cinco horas semanais, tendo en conta os seguintes aspectos:

a) O número de sesións lectivas semanais de cada unha destas áreas é o que figura no anexo III do Decreto 155/2022, do 15 de setembro. Este horario debe entenderse como o tempo semanal necesario para o traballo en cada unha das áreas, sen esquecerse do carácter global e integrador da etapa.

b) A distribución das áreas en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente razóns pedagóxicas e organizativas. Nese sentido, os centros docentes,



no uso da súa autonomía, poderán organizar o horario lectivo en cada xornada en sesións ou en medias sesións que se poderán agrupar co fin de potenciar estratexias metodolóxicas para o desenvolvemento das competencias ou de traballo interdisciplinario.

c) O tempo de recreo diario estará comprendido entre 20 e 30 minutos.

#### Artigo 4. *Agrupación de áreas en ámbitos*

1. Os centros, facendo uso da súa autonomía, poderán establecer agrupacións das áreas indicadas no artigo 3 en ámbitos, conforme os criterios establecidos nas súas concrecións curriculares.

2. Esta organización curricular debe contribuír, desde a propia estrutura do currículo e desde a metodoloxía de traballo, á consecución dos seguintes obxectivos:

a) Consolidar e reforzar as aprendizaxes para un adecuado desenvolvemento das competencias clave da educación primaria.

b) Motivar o alumnado por medio de metodoloxías activas de aprendizaxe.

c) Promover estratexias que faciliten a coordinación e o traballo interdisciplinario dos equipos docentes que imparten clase a un mesmo grupo de alumnado.

3. As agrupacións por ámbitos deberán respectar os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas que se integren nestes, así como o horario asignado ao conxunto delas. A organización dos elementos curriculares nun ámbito realizarase de maneira globalizada.

4. No caso de que os centros docentes agrupen áreas nun ámbito, o nome do ámbito resultante será a concatenación mediante guións dos nomes das áreas que constitúen o dito ámbito na orde en que aparecen no artigo 3.

Exceptúanse desta regra de nomenclatura a agrupación das áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais cuxo nome do ámbito resultante será a área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural, e a agrupación das áreas de Educación Plástica e Visual e de Música e Danza cuxo nome do ámbito resultante será a área de Educación Artística.

5. Esta medida adoptarase en todos os grupos do nivel.



6. A constitución destas agrupacións requirirá autorización expresa do Servizo Territorial de Inspección Educativa.

#### Artigo 5. *Titoría e orientación*

1. Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha persoa titora que se responsabilizará da atención e do seguimento personalizado do alumnado do grupo, así como da orientación da aprendizaxe e do apoio no seu proceso educativo.

Así mesmo, facilitará a participación das nais, dos pais e das persoas titoras legais do alumnado nos termos establecidos na normativa correspondente.

2. Con carácter xeral, manterase a mesma persoa titora para cada grupo de alumnado ao longo de cada un dos ciclos.

3. A xefatura do departamento de orientación apoiará e colaborará coas persoas titoras nos termos establecidos no plan de acción titorial.

4. A persoa titora e o resto de profesorado que interveñan no grupo coordinaranse para planificar e desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.

#### Artigo 6. *Coordinación entre etapas*

1. Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e unha evolución positivas de todo o alumnado, ao finalizar a etapa de educación primaria, a titora ou o titor emitirá un informe final de etapa sobre a evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave da alumna ou do alumno segundo se establece no artigo 22.

2. Os centros establecerán mecanismos de coordinación entre o profesorado que imparte nesta etapa e o profesorado que imparte na etapa de educación secundaria obrigatoria.

Así mesmo, establecerán mecanismos de coordinación entre os equipos docentes que imparten no segundo ciclo de educación infantil e os que imparten na educación primaria.

### CAPÍTULO III

#### **Desenvolvemento do currículo**

#### Artigo 7. *Autonomía do centro*

1. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo da educación primaria, e fixarán a súa concreción e incorporaran



ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

2. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente o perfil de saída.

#### Artigo 8. *Concreción curricular*

1. A concreción curricular, que se incorporará ao proxecto educativo e funcional do centro, establece os criterios e as decisións que orientan o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica.

2. O claustro de profesorado garantirá mediante a concreción curricular a coherencia na actuación docente.

3. A concreción curricular, que será única para cada centro, incluirá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 14 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

4. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programación que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da concreción curricular. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte da Inspección educativa.

5. Os centros docentes farán pública a concreción curricular co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

#### Artigo 9. *Programacións didácticas*

1. A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante dos equipos docentes. Os equipos de ciclo coordinaranse para garantir a coherencia na actuación docente nos ciclos que conforman a etapa de educación primaria.

2. A programación didáctica de cada área ou ámbito elaborárase por nivel educativo e será a mesma para todos os grupos do nivel.



3. O profesorado, baixo a coordinación da persoa responsable da coordinación do ciclo, terá en conta para o deseño e a modificación das programacións didácticas os seguintes aspectos:

a) O disposto no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, e na normativa que o desenvolve.

b) O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

c) O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva.

d) As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro.

e) A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.

4. A programación didáctica incluirá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 15 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

5. O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto do planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora.

Esta información será valorada e analizada polo equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión.

6. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das coordinacións de ciclo, dos equipos directivos e da Inspección educativa.

7. Os centros docentes farán públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, nos primeiros días de actividade lectiva de cada curso académico o equipo docente, conforme o procedemento establecido no centro, informará sobre os aspectos da programación didáctica as nais, os pais ou as persoas titoras legais e, de ser o caso, o alumnado.



Así mesmo, informárase dos criterios de promoción establecidos na concreción curricular do centro.

#### Artigo 10. *Métodos pedagóxicos*

1. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o deseño de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Para estes efectos, no deseño das actividades de cada área ou ámbito, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas orientacións pedagóxicas para cada área no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

2. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo e que posibiliten unha mellor atención á diversidade. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.

3. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.





4. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

5. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.

#### Artigo 11. *Plans educativos*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura, un plan de biblioteca, un plan dixital e un plan de actividades físicas e hábitos saudables, de acordo aos artigos 33, 34 e 35 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

2. Estes plans serán únicos para cada centro docente e deberán desenvolver aspectos concretos da etapa de educación primaria, así como das outras etapas educativas que se ofertan no dito centro, de ser o caso.

3. Estes plans elaboraranse a partir dun diagnóstico da situación do centro, que permita a definición de obxectivos de cara á mellora. Para o logro dos ditos obxectivos desenvólvanse en cada curso académico diferentes accións.

Os plans orientaranse a reforzar e complementar a aprendizaxe curricular do alumnado, así como o desenvolvemento das competencias clave.

4. Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento destes plans.

#### Artigo 12. *O plan de lectura*

O plan de lectura na etapa de educación primaria terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da



información, en apoio da adquisición das competencias clave, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.

b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á lectura e ao fomento desta.

c) Obxectivos, dos que se especificarán indicadores.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

#### Artigo 13. *O plan de biblioteca*

O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.

b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á organización e a xestión da biblioteca, á formación de persoas usuarias, á contribución ao desenvolvemento das competencias do alumnado e ao fomento da lectura.

c) Obxectivos, dos que se especificarán indicadores.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

#### Artigo 14. *O plan dixital*

O plan dixital concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:



a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.

b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro respecto do uso das tecnoloxías dixitais.

c) Obxectivos, dos que se especificarán indicadores.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

#### Artigo 15. *O plan de actividades físicas e hábitos saudables*

O plan de actividades físicas e hábitos saudables terá por finalidade a práctica diaria de deporte e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación del.

b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á práctica diaria de deporte e de exercicio físico e actividade física, a alimentación e os hábitos de vida saudable, a hixiene persoal e o descanso.

c) Obxectivos, dos que se especificarán indicadores.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

#### Artigo 16. *A concreción anual dos plans educativos*

1. Os plans educativos aos que se refire este capítulo concretaranse anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos en cada plan que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

2. Para cada unha das accións ás que se refire o número anterior concretarase, como mínimo, a súa temporalización, as persoas responsables da súa execución e, de ser o caso, os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.



Así mesmo, na concreción anual de cada un dos plans indícaranse as persoas responsables ou coordinadoras.

3. Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento da concreción anual destes plans.

## CAPÍTULO IV Avaliación, información, participación

### *Sección 1ª. Avaliación*

#### Artigo 17. *Carácter da avaliación*

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

2. A avaliación na educación primaria será global, continua e formativa:

a) Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.

b) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.

c) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándose as características persoais de cada alumna e alumno.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.



5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

#### Artigo 18. *Avaliación das competencias clave*

1. Todas as áreas do currículo deben contribuír en cada un dos cursos da etapa ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.

2. A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das áreas, na medida en que, de conformidade co anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada área están relacionados univocamente cos obxectivos da dita área, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.

3. A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da área para o deseño das actividades de ensino, aprendizaxe e avaliación e dos métodos pedagóxicos, debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares ás que se refire o número anterior.

#### Artigo 19. *Sesións de avaliación*

1. As sesións de avaliación son as reunións que mantén o equipo docente de cada grupo, co obxectivo de analizar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno, así como de tomar as decisións que adapten a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás do grupo.

2. Para os efectos desta orde o equipo docente do grupo estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das áreas ou ámbitos que curse o alumnado do dito grupo.

Porén, cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das áreas ou ámbitos que curse a alumna ou o alumno.



3. Ao longo do curso realizaranse unha sesión de avaliación inicial, como mínimo, tres sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final.

4. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o equipo docente del. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan.

O profesorado especialista en pedagogía terapéutica, en audición e linguaxe, así como outro profesorado que realice funcións de apoio, asistirá ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

5. En cada sesión, a avaliación de cada área ou ámbito é competencia do profesorado que a imparta.

6. As decisións adoptadas polo equipo docente, que se acordarán de forma colexiada, irán referidas á promoción, á avaliación das competencias clave e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

7. A titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente e as propostas de mellora.

#### Artigo 20. *Avaliación inicial*

1. A avaliación inicial na etapa de educación primaria realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



2. O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante da que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

#### Artigo 21. *Avaliacións parciais*

1. Ao longo do curso realizaranse, cando menos, tres sesións de avaliación parciais para cada grupo. A derradeira destas sesións deberá coincidir coa avaliación final.

2. O profesorado deberá consignar nas actas de avaliación as cualificacións das áreas ou ámbitos dos que sexa responsable.

3. As datas para a realización destas sesións de avaliación parcial concretaranse procurando un reparto equilibrado na duración dos períodos.

#### Artigo 22. *Avaliación final*

1. O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado, de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

2. O profesorado deberá consignar na acta de avaliación final as cualificacións das áreas ou ámbitos dos que sexa responsable.

O equipo docente, coordinado pola persoa titora, consignará na acta de avaliación final as cualificacións das competencias clave.

3. A titora ou o titor elaborará un informe final de ciclo, ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, no cal se reflectirá o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno e, de ser o caso, as medidas que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.



4. Ademais, á finalización da etapa, co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, a persoa titora elaborará un informe final de etapa sobre a evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave de cada alumna ou alumno.

O informe final do terceiro ciclo poderá ser substituído polo informe final de etapa.

### Artigo 23. *Cualificacións*

1. Os resultados da avaliación das áreas expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

2. No caso dos ámbitos que integren distintas áreas, o resultado da avaliación expresase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poida establecer o centro para manter informados da súa evolución nas diferentes áreas ao alumnado e as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

3. Co obxecto de garantir a mobilidade do alumnado, cando varias áreas fosen cursadas integradas nun ámbito, farase constar no historial académico e no informe persoal por traslado a cualificación obtida en cada área, que será a mesma que figure no expediente académico para o ámbito correspondente.

4. Os resultados da avaliación das competencias clave expresaranse nos mesmos termos cualitativos que se establecen no número 1 para os resultados de avaliación das áreas.





**Artigo 24. Promoción**

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

4. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

**Artigo 25. Avaliación de diagnóstico**

No cuarto curso de educación primaria, todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo se dispoña. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

**Artigo 26. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente**

1. A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas para adaptala ás características e necesidades do alumnado.



2. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que tratarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.

b) A metodoloxía empregada.

c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.

d) As medidas de atención á diversidade.

e) O clima de traballo na aula.

f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

3. Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

#### Artigo 27. *Documentos e informes de avaliación*

1. Os documentos de avaliación axustaranse no seu contido aos seguintes modelos:

a) As actas das avaliacións reguladas nos artigos 21 e 22 axustaranse no seu contido ao modelo recollido no anexo I.

b) O informe final de ciclo regulado no artigo 22 axustarase no seu contido ao modelo recollido no anexo II.

c) O informe final de etapa regulado no artigo 22 axustarase no seu contido ao modelo recollido no anexo III.

d) O expediente académico regulado no artigo 28 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo IV.

e) O historial académico regulado no artigo 29 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo V.



f) O informe persoal por traslado regulado no artigo 31 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VI.

2. Os centros sostidos con fondos públicos que impartan a etapa de educación primaria cubrirán os documentos e informes de avaliación a través da aplicación de xestión académica do ensino (XADE).

### *Sección 2ª. Información e participación*

#### *Artigo 28. Información da avaliación*

1. A persoa titora e o profesorado das distintas áreas ou ámbitos manterán, no relativo ao proceso de aprendizaxe, unha comunicación fluída co alumnado, as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

2. A información recollida da avaliación continua trasladarase ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais nun informe que analizará os progresos realizados polas alumnas e polos alumnos e incluírá as cualificacións de cada área, como mínimo, en cada avaliación. Entre esa información constará, cando proceda, a decisión sobre a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3. O informe da avaliación final incluírá, ademais, o resultado de avaliación das competencias clave. Este informe poderá substituír o informe da última avaliación parcial.

#### *Artigo 29. Participación e colaboración coas nais, os pais ou as persoas titoras legais*

1. As persoas titoras manterán unha relación permanente coas nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado, facilitando situacións e canles de comunicación e colaboración e promoverán a súa presenza e participación na vida dos centros.

Para favorecer a educación integral, as persoas titoras coordinaranse coas familias para levar á práctica, cadaquén no seu contexto, modelos compartidos de intervención educativa.

2. O profesorado que atende o alumnado promoverá a participación e a colaboración das nais, dos pais ou das persoas titoras legais, ofrecéndolles o apoio necesario para contribuír a que coñezan e valoren as actividades que realizan no centro educativo as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelan.



*Sección 3ª. Procedemento de revisión e reclamación***Artigo 30. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva**

1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia:

a) Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.

b) O procedemento mediante o cal as nais, os pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o proceso de aprendizaxe das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, e sobre as decisións que se adopten como resultado do devandito proceso.

Neste procedemento tamén se incluírá a forma de acceso e, de ser o caso, a obtención de copia dos instrumentos de avaliación aplicados.

c) O procedemento de revisión de cualificación final das áreas ou ámbitos e da decisión de promoción do alumnado.

2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información á que se refire o número 1 sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.

**Artigo 31. Solicitude de revisión no centro**

1. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado que non estean de acordo coas cualificacións ou decisión de promoción adoptadas na avaliación final, poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora ou ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.

2. No caso de que persista o desacordo, a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.



3. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente de revisión, que se lle remitirán, preferentemente, en formato dixital.

4. Nos centros privados, as solicitudes de revisión tramitaranse polos órganos e na forma que determinen as súas normas de funcionamento, e será de aplicación supletoria a presente orde en todo o non regulado nas devanditas normas para os centros concertados, sen prexuízo de que os prazos se deberán axustar ao disposto na presente orde.

*Artigo 32. Procedemento de revisión de cualificacións finais e da decisión de promoción*

1. A dirección do centro trasladará á persoa titora da alumna ou do alumno a solicitude de revisión.

2. Nun máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de solicitude de revisión, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria para revisar a cualificación final ou a decisión adoptada sobre a promoción da alumna ou do alumno.

O equipo docente analizará a solicitude de revisión recibida e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión ou da decisión de promoción.

3. Na revisión das cualificacións finais, o equipo docente analizará o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a área ou o ámbito obxecto de revisión e contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación da alumna ou do alumno co establecido na programación didáctica. Estas actuacións deberán recollese nun informe con especial referencia aos seguintes aspectos:

a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.

b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou ámbito.



d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

4. Na revisión da decisión de promoción, o informe recollerá a ratificación ou a modificación da decisión obxecto de revisión, razoada e motivada, conforme os criterios para a promoción das alumnas e os alumnos establecidos con carácter xeral na concreción curricular.

5. O equipo docente trasladará o informe elaborado á dirección do centro, quen emitirá resolución coa decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada ou da decisión de promoción. Esta resolución comunicarase por escrito á nai, o pai ou a persoa titora legal da alumna ou o alumno. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión de cualificacións finais.

6. Se, tras o proceso de revisión, procedese á modificación dalgunha cualificación final ou da decisión de promoción, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico.

### Artigo 33. *Solicitud de reclamación ante as xefaturas territoriais*

1. Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final dunha área ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción, a nai, o pai ou a persoa titora legal da alumna ou o alumno poderá presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a xefatura territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte ao da comunicación sobre a decisión adoptada.

2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e, en todo caso, non superior a dous días hábiles, remitirá o expediente á xefatura territorial.

O expediente de revisión de cualificacións finais incorporará o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a área ou o ámbito, o informe elaborado polo equipo docente, a copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación da alumna ou do alumno, a resolución da dirección do centro, así como, se é o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

O expediente de revisión da decisión de promoción incorporará o informe elaborado polo equipo docente, a resolución da dirección do centro, as novas alegacións da persoa reclamante de telas presentado e, se procede, o informe da dirección sobre estas.



**Artigo 34. Procedemento de reclamación**

1. No caso de solicitude de reclamación a unha cualificación final, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica da área ou ámbito correspondente e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:

a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou o alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.

b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou o ámbito.

d) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente das áreas ou dos ámbitos a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

3. No caso de solicitude de reclamación da decisión de promoción, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:

a) A adecuación dos criterios sobre os que se levou a cabo a decisión de promoción cos recollidos na correspondente concreción curricular.

b) A correcta aplicación dos criterios establecidos na concreción curricular na decisión de promoción.

c) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.



4. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, a xefatura territorial emitirá resolución motivada considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa.

Esta resolución comunicarase de forma inmediata á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e consignarase nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial porá fin á vía administrativa.

5. Se, tras o proceso de reclamación, procede a modificación dalgunha cualificación final e/ou da decisión de promoción para a alumna ou o alumno, a secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e no historial académico, facendo referencia á dita resolución.

Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria.

6. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

Disposición adicional primeira. *Proxecto Competencial e ensinanzas de relixión*

O alumnado cursará, ademais das áreas indicadas no artigo 3, a área de Proxecto Competencial ou as ensinanzas de relixión, segundo a elección da nai, do pai ou da persoa titora legal, tal e como establece a disposición adicional segunda do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, en cada un dos cursos da etapa.

Disposición adicional segunda. *Abreviaturas da denominación das áreas nos documentos e informes de avaliación*

1. As abreviaturas da denominación das áreas que se empreguen nos documentos e informes de avaliación serán as seguintes:

- Ciencias da Natureza: CN.
- Ciencias Sociais: CS.





- Educación Física: EF.
- Educación Plástica e Visual: EPV.
- Educación en Valores Cívicos e Éticos: EVCE.
- Lingua Castelá e Literatura: LCL.
- Lingua Estranxeira: LE.
- Lingua Galega e Literatura: LGL.
- Matemáticas: MAT.
- Música e Danza: MD.
- Proxecto Competencial: PC.

2. Na agrupación de áreas en ámbitos a forma abreviada da denominación será a concatenación das abreviaturas das áreas que constitúen o ámbito na orde en que aparecen no artigo 3 e uniranse mediante un guión.

En todo caso, a forma abreviada dos ámbitos resultantes de agrupar as áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais e das áreas de Educación Plástica e Visual e de Música e Danza será, respectivamente:

- Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural: CMNSC.
- Educación Artística: EA.

3. No caso das ensinanzas de relixión a forma abreviada será REL e engadiranse, sen empregar espazos, as dúas primeiras letras da relixión correspondente, a primeira en maiúscula e a segunda en minúscula.

Disposición transitoria única. *Aplicabilidade normativa*

As normas ás que se refiren os números 1, 2 e 3 da disposición derogatoria única serán de aplicación durante o curso académico 2022/23, sen prexuízo do disposto no Decreto 155/2022, do 15 de setembro.



Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Queda derogada a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Queda derogada a Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, en todo o que se refira á educación primaria.

3. Queda derogada a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no Sistema educativo de Galicia, en todo o que se refira á educación primaria.

4. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de aplicación*

O contido da presente orde aplicarase a partir do curso escolar 2023/24.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as medidas precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2023

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades





SINATURAS DO PROFESORADO

Titora / Titor	...	...	...	...

..... de ..... de .....

Visto e prace  
A directora / O director

Selo do centro



CVE-DOG: biez9qm6-zwt6-9mw6-x1h1-2qom3l36ucl1





ACTA DE AVALIACIÓN PARCIAL/FINAL DE 2º / 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Provincia	Teléfono		

Curso: 2º / 4º	1º / 2º / 3º AVALIACIÓN / FINAL	Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e Decreto 155/2022, do 15 de setembro		
Grupo:		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:

Relación alfabética do alumnado		Áreas ou ámbitos e cualificacións																									
		Ciencias da Natureza		Ciencias Sociais		Educación Física		Educación Plástica e Visual		Lingua Castelá e Literatura		Lingua Estranxeira		Lingua Galega e Literatura		Matemáticas		Música e Danza		Proxecto Competencial / Ensinanzas de relixión			Ámbito <sup>1</sup> .....		PRO <sup>2</sup>		
Nº	Apelidos e nome	CUAL	MA	CUAL	MA	CUAL	MA	CUAL	MA	CUAL	MA	OPC	CUAL	MA	CUAL	MA	CUAL	MA	CUAL	MA	OPC	CUAL	MA	CUAL	MA		

1. Se procede, indícarase o nome do/s ámbito/s autorizado/s, que recibirá/n unha única cualificación e quedará inhabilitada a zona de cualificación das áreas que integran o ámbito  
 2. Na acta de avaliación final indícarase se promociona: PRO-Promociona. SI / NON  
 CUAL-Cualificación. Insuficiente: IN-1, 2, 3 ou 4 / Suficiente: SU-5 / Ben: BE-6 / Notable: NT-7 ou 8 / Sobresaliente: SB-9 ou 10  
 MA-Medida Adoptada. AC: Adaptación curricular / EC: Enriquecemento curricular / RE: Reforzo educativo  
 OPC-Opción

Sinaturas do profesorado Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta

Dilixencias

Observacións

SINATURAS DO PROFESORADO

Titora / Titor	...	...	...

..... de ..... de .....

Visto e prace  
A directora / O director

Selo do centro





CVE-DOG: biez9qm6-zwt6-9mw6-x1h1-2qom3l36ucl1

SINATURAS DO PROFESORADO

Titora / Titor	...	...	...	...

..... de ..... de .....

Visto e prace  
A directora / O director

Selo do centro





ACTA DE AVALIACIÓN FINAL DE COMPETENCIAS CLAVE DE 1º / 2º / 3º / 4º / 5º / 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Provincia	Teléfono		

Curso: 1º / 2º / 3º / 4º / 5º / 6º	AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE	Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e Decreto 155/2022, do 15 de setembro		
Grupo:		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:

Cualificación <sup>1</sup> das competencias clave									
Relación alfabética do alumnado		Competencia en comunicación lingüística	Competencia plurilingüe	Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría	Competencia dixital	Competencia persoal, social e de aprender a aprender	Competencia cidadá	Competencia emprendedora	Competencia en conciencia e expresión culturais
Nº	Apellidos e nome	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación

1. Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB

**Sinaturas do profesorado**

Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta

**Dilixencias**

**Observacións**

SINATURAS DO PROFESORADO

Titora / Titor	...	...	...	...

..... de ..... de .....

Visto e prace  
A directora / O director

Selo do centro





**ANEXO II**
**Modelo de informe final de ciclo-Educación primaria**
**INFORME FINAL DE CICLO - EDUCACIÓN PRIMARIA**

Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e Decreto 155/2022, do 15 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Provincia	Teléfono		

Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos		Nome	
DOI	Código XADE	Data de nacemento	
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Nome da persoa responsable 1			Teléfono / Correo electrónico
Nome da persoa responsable 2			Teléfono / Correo electrónico

Grao de adquisición das competencias clave ao finalizar o 1º / 2º / 3º ciclo		
Competencias clave	Cualificación <sup>1</sup>	Observacións
Competencia en comunicación lingüística (CCL)		
Competencia plurilingüe (CP)		
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)		
Competencia dixital (CD)		
Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)		
Competencia cidadá (CC)		
Competencia emprendedora (CE)		
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)		

1: Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB

Medidas curriculares e organizativas adoptadas

Medidas recomendadas no ciclo seguinte

..... de ..... de .....

A titora / O titor

Selo do centro

 Visto e prace  
A directora / O director


**ANEXO III**
**Modelo de informe final da etapa-Educación primaria**
**INFORME FINAL DA ETAPA - EDUCACIÓN PRIMARIA**  
**Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e Decreto 155/2022, do 15 de setembro**

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Provincia	Teléfono		

Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos		Nome	
DOI	Código XADE		Data de nacemento
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Nome da persoa responsable 1			Teléfono / Correo electrónico
Nome da persoa responsable 2			Teléfono / Correo electrónico

Grao de adquisición das competencias clave		
Competencias clave	Cualificación <sup>1</sup>	Observacións
Competencia en comunicación lingüística (CCL)		
Competencia plurilingüe (CP)		
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)		
Competencia dixital (CD)		
Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).		
Competencia cidadá (CC)		
Competencia emprendedora (CE)		
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)		

1: Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB

Medidas curriculares e organizativas adoptadas

Medidas recomendadas na etapa seguinte

..... de ..... de .....

A titora / O titor

Selo do centro

Visto e prace  
A directora / O director



**ANEXO IV**
**Modelo de expediente académico-Educación primaria**
**EXPEDIENTE ACADÉMICO - EDUCACIÓN PRIMARIA**  
**Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e Decreto 155/2022, do 15 de setembro**

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Provincia	Teléfono		

Data de apertura do expediente:	Nº de expediente:
---------------------------------	-------------------

Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos			Nome
DOI	Código XADE		Data de nacemento
Lugar de nacemento	Provincia	Pais	Nacionalidade
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Nome da persoa responsable 1			Teléfono / Correo electrónico
Nome da persoa responsable 2			Teléfono / Correo electrónico

Antecedentes de escolarización en educación infantil e en educación primaria				
Centro	Concello	Provincia	Ano académico	Curso

Traslado de centro	
O día .../.../..... trasládase ao centro ....., con código .....	
Concello.....Localidade ..... Provincia ..... Teléfono .....	
Data de envío do informe persoal por traslado (Centro.....)	...../...../.....

Data de envío do historial académico ao centro ao que se traslada a/o alumna/o (Centro.....)	...../...../.....
Data de entrega do historial académico ás nais, os pais ou as persoas titoras legais da/do alumna/o (Centro.....)	...../...../.....

Medidas de atención á diversidade	
MEDIDA	CURSO
Reforzo educativo	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Adaptación curricular	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Enriquecemento curricular	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Agrupamento flexible	5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Flexibilización do período de escolarización	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Outras:	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>

Datos médicos e psicopedagóxicos relevantes



Dilixencias

Observacións <sup>1</sup>

1. No caso de ter cursado áreas de forma integrada nun ámbito indicárase a denominación do ámbito coa indicación expresa das áreas integradas nel

**RESULTADOS DA AVALIACIÓN**

Resultado da avaliación das competencias clave do ...º curso de educación primaria	
Código-nome centro	Curso académico 20.../....
Competencia clave	Cualificación <sup>2</sup>
Competencia en comunicación lingüística (CCL)	
Competencia plurilingüe (CP)	
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)	
Competencia dixital (CD)	
Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)	
Competencia cidadá (CC)	
Competencia emprendedora (CE)	
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)	

Resultado da avaliación do 1º / 3º / 5º curso de educación primaria		
Código-nome centro	Curso académico 20.../....	
Áreas/Ámbitos	Cualificación <sup>2</sup>	Medidas adoptadas <sup>3</sup>
Ciencias da Natureza		
Ciencias Sociais		
Educación Física		
Educación Plástica e Visual		
Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Estranxeira		
Lingua Galega e Literatura		
Matemáticas		
Música e Danza		
Proxecto Competencial / Ensinanzas de relixión		
Ámbito <sup>4</sup> ....		
<p>..... de ..... de .....</p> <p>A secretaria / O secretario <span style="margin-left: 200px;">Selo do centro</span> <span style="float: right;">Visto e prace</span></p> <p style="text-align: right;">A directora / O director</p> <p>.....</p>		

CVE-DOG: biez9qm6-zwt6-9mw6-x1h1-2qom3i36ucl1



Resultado da avaliación do 2º / 4º / permanencia 2º e 4º curso de educación primaria		
Código-nome centro		Curso académico 20.../....
Áreas/Ámbitos	Cualificación <sup>2</sup>	Medidas adoptadas <sup>3</sup>
Ciencias da Natureza		
Ciencias Sociais		
Educación Física		
Educación Plástica e Visual		
Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Estranxeira		
Lingua Galega e Literatura		
Matemáticas		
Música e Danza		
Proxecto Competencial / Ensinanzas de relixión		
Ámbito <sup>4</sup> ....		
Promociona:.....		
..... de ..... de .....		
A secretaria / O secretario	Selo do centro	Visto e prace A directora / O director
.....		.....

Resultado da avaliación do 6º / permanencia 6º curso de educación primaria		
Código-nome centro		Curso académico 20.../....
Áreas	Cualificación <sup>2</sup>	Medidas adoptadas <sup>3</sup>
Ciencias da Natureza		
Ciencias Sociais		
Educación en Valores Cívicos e Éticos		
Educación Física		
Educación Plástica e Visual		
Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Estranxeira		
Lingua Galega e Literatura		
Matemáticas		
Música e Danza		
Proxecto Competencial / Ensinanzas de relixión		
Ámbito <sup>4</sup> ...		
Promociona:.....		
Data da promoción á educación secundaria obrigatoria: .....		
..... de ..... de .....		
A secretaria / O secretario	Selo do centro	Visto e prace A directora / O director
.....		.....

2. Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB

3. AC: Adaptación curricular / AF: Agrupamento flexible / EC: Enriquecemento curricular / RE: Reforzo educativo

4. Se procede, indícarase o nome do/s ámbito/s autorizado/s. As áreas que integran o ámbito terán a mesma cualificación que figura para ese ámbito

CVE-DOG: biez9qm6-zwt6-9mw6-x1h1-2qom3136ucl1



**ANEXO V**
**Modelo de historial académico-Educación primaria**
**HISTORIAL ACADÉMICO - EDUCACIÓN PRIMARIA**

Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e Decreto 155/2022, do 15 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Provincia	Teléfono		

O día ..... a/o alumna/o ..... incorpórase ás ensinanzas de educación primaria de acordo co Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e co Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

**Datos persoais da alumna ou do alumno**

Apelidos		Nome	
DOI	Código XADE	Data de nacemento	
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Nome da persoa responsable 1		Teléfono / Correo electrónico	
Nome da persoa responsable 2		Teléfono / Correo electrónico	

**Datos de escolarización**

Centro	Concello	Provincia	Ano académico	Curso

**Medidas de atención á diversidade**

MEDIDA	CURSO
Reforzo educativo	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Adaptación curricular	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Enriquecemento curricular	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Agrupamento flexible	5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Flexibilización do período de escolarización	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>
Outras:	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> 5° <input type="checkbox"/> 6° <input type="checkbox"/>

**Dilixencias**

--

**Observacións**

--



### RESULTADOS DA AVALIACIÓN

Resultado da avaliación das competencias clave do ...º curso de educación primaria	
Código-nome centro	Curso académico 20.../....
Competencia clave	Cualificación <sup>1</sup>
Competencia en comunicación lingüística (CCL)	
Competencia plurilingüe (CP)	
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)	
Competencia dixital (CD)	
Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)	
Competencia cidadá (CC)	
Competencia emprendedora (CE)	
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)	

Resultado da avaliación do 1º / 3º / 5º curso de educación primaria		
Código-nome centro	Curso académico 20.../....	
Áreas/Ámbitos	Cualificación <sup>1</sup>	Medidas adoptadas <sup>2</sup>
Ciencias da Natureza		
Ciencias Sociais		
Educación Física		
Educación Plástica e Visual		
Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Estranxeira		
Lingua Galega e Literatura		
Matemáticas		
Música e Danza		
Proxecto Competencial / Ensinanzas de relixión		
Ámbito <sup>3</sup> ....		
<p>....., de ..... de .....</p> <p style="text-align: center;">Selo do centro</p> <p>A secretaria / O secretario <span style="float: right;">Visto e prace</span>  <span style="float: right;">A directora / O director</span></p> <p>.....</p>		

Resultado da avaliación do 2º / 4º permanencia 2º e 4º curso de educación primaria		
Código-nome centro	Curso académico 20.../....	
Áreas/Ámbitos	Cualificación <sup>1</sup>	Medidas adoptadas <sup>2</sup>
Ciencias da Natureza		
Ciencias Sociais		
Educación Física		
Educación Plástica e Visual		
Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Estranxeira		
Lingua Galega e Literatura		
Matemáticas		
Música e Danza		
Proxecto Competencial / Ensinanzas de relixión		
Ámbito <sup>3</sup> ....		

CVE-DOG: biez9qm6-zwt6-9mw6-x1h1-2qom3136ucl1



Promociona:.....

....., de ..... de .....

A secretaria / O secretario

Selo do centro

Visto e prace  
A directora / O director

.....

**Resultado da avaliación do 6º / permanencia 6º curso de educación primaria**

Código-nome centro		Curso académico 20.../....
Áreas	Cualificación <sup>1</sup>	Medidas adoptadas <sup>2</sup>
Ciencias da Natureza		
Ciencias Sociais		
Educación en Valores Cívicos e Éticos		
Educación Física		
Educación Plástica e Visual		
Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Estranxeira		
Lingua Galega e Literatura		
Matemáticas		
Música e Danza		
Proxecto Competencial / Ensinanzas de relixión		
Ámbito <sup>3</sup> ...		

Promociona:.....

Data promoción á educación secundaria obrigatoria: .....

....., de ..... de .....

A secretaria / O secretario

Selo do centro

Visto e prace  
A directora / O director

.....

1. Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB

2. AC: Adaptación curricular / AF: Agrupamento flexible / EC: Enriquecemento curricular / RE: Reforzo educativo

3. Se procede, indícarase o nome do/s ámbito/s autorizado/s. As áreas que integran o ámbito terán a mesma cualificación que figura para o Ámbito





**ANEXO VI**
**Modelo de informe persoal por traslado-Educación primaria**
**INFORME PERSOAL POR TRASLADO - EDUCACIÓN PRIMARIA**  
**Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e Decreto 155/2022, do 15 de setembro**

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Provincia	Teléfono		

Dona/Don ..... como titora/titor da/o alumna/o ..... con DNI....., código XADE ..... e con data de nacemento ...de .....de ....., FAGO CONSTAR que durante o presente o ano académico ...../..... cursa os estudos correspondentes a ... curso de educación primaria, cos resultados parciais que figuran no cadro que se xunta.

Áreas	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación	Medidas adoptadas <sup>2</sup>
	Cualificación <sup>1</sup>	Cualificación <sup>1</sup>	Cualificación <sup>1</sup>	
Ciencias da Natureza				
Ciencias Sociais				
Educación en Valores Cívicos e Éticos <sup>3</sup>				
Educación Física				
Educación Plástica e Visual				
Lingua Castelá e Literatura				
Lingua Estranxeira				
Lingua Galega e Literatura				
Matemáticas				
Música e Danza				
Proxecto Competencial / Ensinanzas de relixión				

1. Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB

2. AC: Adaptación curricular / AF: Agrupamento flexible / EC: Enriquecemento curricular / RE: Reforzo educativo

3. En 6º curso

**Medidas curriculares e organizativas adoptadas**

--

**Observacións<sup>4</sup>**

--

4. Se procede, indícase o nome do/s ámbito/s autorizado/s coa indicación expresa das áreas integradas nel

..... de ..... de .....

A titora / O titor

Selo do centro

Visto e prace  
A directora / O director

